



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias abril 2022

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril do ano 2022 acadou a cifra de 1.033.997 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de marzo de 2022 de 5.540 afiliacións (0,54%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.019.080, rexistrando un aumento do 0,93% con respecto ao pasado mes de marzo.

Na comparativa interanual (abril de 2022 con abril de 2021) obsérvase un aumento de 32.004 afiliacións no total do sistema en Galicia (3,19%) e un aumento do 5,06% (963.782 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de marzo de 2022, rexístrase unha subida das afiliacións nas dezasete comunidades autónomas, destacando Illes Balears (10,91%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias, Comunitat Valenciana e Andalucía con taxas superiores ao 5,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2022	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.019.080	184.577	0,93	963.782	5,06
Galicia	1.033.997	5.540	0,54	32.004	3,19
Andalucía	3.287.746	41.304	1,27	160.423	5,13
Aragón	585.178	16	0,00	18.776	3,31
Asturias	371.130	2.350	0,64	11.713	3,26
Illes Balears	518.282	50.962	10,91	87.256	20,24
Canarias	839.049	5.225	0,63	65.941	8,53
Cantabria	223.975	3.118	1,41	7.829	3,62
Castilla La Mancha	744.832	3.435	0,46	34.926	4,92
Castilla y León	930.729	4.534	0,49	27.276	3,02
Cataluña	3.562.103	32.421	0,92	164.039	4,83
Comunitat Valenciana	2.026.833	14.360	0,71	122.481	6,43
Extremadura	401.837	3.537	0,89	10.422	2,66
Madrid	3.405.494	8.896	0,26	161.462	4,98
Murcia	628.342	4.901	0,79	20.810	3,43
Navarra	297.586	1.959	0,66	8.313	2,87
País Vasco	982.490	1.682	0,17	24.830	2,59
La Rioja	132.841	520	0,39	4.605	3,59
Ceuta e Melilla	46.637	-184	-0,39	676	1,47

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,97%, o que supón 17.085 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (2,72%), Lugo (2,59%) e, por último, Ourense (2,26%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril con respecto ás do mes de marzo, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,54%. A Coruña presenta o maior incremento cunha taxa de variación intermensual do 0,70%, seguida de Lugo (0,56%), Pontevedra (0,48%) e Ourense (0,02%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2022	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	447.295	3.091	0,70	17.085	3,97
LUGO	122.778	689	0,56	3.098	2,59
OURENSE	102.965	24	0,02	2.272	2,26
PONTEVEDRA	360.959	1.736	0,48	9.550	2,72
GALICIA	1.033.997	5.540	0,54	32.004	3,19
ESPAÑA	20.019.080	184.577	0,93	963.782	5,06


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,98% das afiliacións galegas en abril de 2022, aumentaron un 0,69% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 4,19%. En España estas taxas foron do 1,06% con respecto a marzo de 2022 e do 5,88% en relación ao mes de abril de 2021. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,32%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (0,31%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-1,48%) a máis negativa. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,14%. Para este réxime e con respecto ao mes de marzo de 2022, soben A Coruña (0,12%) e Lugo (0,04%) mentres que baixan Pontevedra (-0,12%) e Ourense (-0,05%) , resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,01%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,21% e intermensual do 0,27%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a abril de 2021, caen Lugo (-2,98%) e Pontevedra (-1,05%) e sube A Coruña (1,30%). A taxa galega acaba entón o -0,53%, inferior á de España (1,30%). Con respecto a marzo de 2022, Pontevedra e Lugo presentan un aumento do 0,40% e 0,21% respectivamente, mentres que A Coruña presenta unha baixada do 1,11%. A taxa galega amosa unha diminución do 0,05% con respecto a marzo de 2022. A taxa nacional é do 3,19%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2022	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	447.295	0,70	3,97
LUGO	122.778	0,56	2,59
OURENSE	102.965	0,02	2,26
PONTEVEDRA	360.959	0,48	2,72
GALICIA	1.033.997	0,54	3,19
ESPAÑA	20.019.080	0,93	5,06
R. XERAL			
A CORUÑA	356.862	0,86	4,98
LUGO	88.790	0,76	4,26
OURENSE	79.822	0,04	3,08
PONTEVEDRA	280.810	0,63	3,49
GALICIA	806.283	0,69	4,19
ESPAÑA	16.623.118	1,06	5,88
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.776	0,12	0,11
LUGO	32.538	0,04	-1,48
OURENSE	23.143	-0,05	-0,48
PONTEVEDRA	67.487	-0,12	0,31
GALICIA	207.945	0,01	-0,14
ESPAÑA	3.332.636	0,27	1,21
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.657	-1,11	1,30
LUGO	1.450	0,21	-2,98
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.662	0,40	-1,05
GALICIA	19.769	-0,05	-0,53
ESPAÑA	62.329	3,19	1,30

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>